

Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.

Artigo 15º.-Vixencia da inscrición. A inscrición no rexistro terá unha vixencia de tres anos desde a resolución administrativa de inscrición, na cal figurará expresamente a data de finalización do dito prazo. No período dos tres meses anteriores á dita data de finalización do prazo, os/as demandantes deberán solicitar a renovación da inscrición. De non facelo, esta caducará. Se a documentación presentada non é a exixida, denegarase a renovación da inscrición. No caso de non se ditar resolución da dita denegación, o demandante poderá entender estimada a súa solicitude de renovación, de acordo co previsto no artigo 43.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 16º.-Actualización de datos. 1. Os/as solicitantes deberán comunicar ao rexistro calquera modificación dos datos achegando en tempo e forma a documentación que resulte preceptiva. 2. Cando o demandante non comunicase as modificacións producirase a cancelación dos datos no rexistro.

Formulario de renovación de inscrición no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia

https://igvs.xunta.gal/documents/11218/47492/20121212_solicituderenovacion.pdf?version=1.0